

## **PLAN RENOVE DE FIESTRAS**

**BENEFICIARIOS:** Persoas físicas ou xurídicas de natureza pública ou privada residentes ou radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia, propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios de vivendas, edificios de vivendas ou de edificios destinados a outros usos, que estean situadas en Galicia.

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES:** Serán subvencionables as novas fiestras ou portas-fiestras que separen estancias calefactadas do exterior e cumpran os seguintes requisitos:

- Dispoñer de marcado CE.
- Esixencias mínimas de eficiencia enerxética:
  - a) Opción A: Carpintería de madeira ou PVC e acristalamento que cumpra algún dos seguintes requisitos:
    - a.1.- Dobre acristalamento con cámara de 12 mm ou superior.
    - a.2.- Dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior e con cristal exterior baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).
  - b) Opción B: Carpintería metálica con rotura de ponte térmica de 12 mm ou superior con dobre acristalamento con cámara de 6 mm ou superior e con cristal exterior baixo emisivo (con emisividade menor ou igual a 0,1).
- Dispoñer dunha persiana, contra ou cortinón completamente opaco capaz de cerrar toda a superficie da fiestra ou porta-fiestra (non se admitirán persianas venecianas, cortinas translúcidas,...), este elemento pode ser novo ou reutilizado da instalación anterior.
- Substituír a unha fiestra ou porta-fiestra anterior de igual ou superior tamaño.
- Execución da obra a partir do 1/12/2009.

### **CONTÍA DA SUBVENCIÓN**

A contía da axuda ascenderá a un máximo de 100€/m<sup>2</sup> de fiestra, cuns límites de 5.000€ por vivenda unifamiliar e 100.000€ por bloque de vivendas (cun máximo de 5.000€ por referencia catastral) ou edificios do sector terciario. En calquera caso, a cantidade da subvención non poderá ser superior ao 25% do custo total da obra.

### **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE AXUDA**

O prazo de presentación das solicitudes de axuda permanecerá aberto **dende o 1 de decembro de 2009 ata o día 30 de outubro de 2010** ou ata que se esgote o orzamento destinado a esta finalidade.

**MÁIS INFORMACIÓN:** 981 54 15 42, 981 95 71 46 e a conta de correo aforro@inega.es